

REGULAMENTO DE ELECCIONS PARA A XUNTA DIRECTIVA DO C.M.F

- 1) Tódalas actuacións iran encamiñadas á elección dun presidente/a, que se acompañará en proposta acompañado de 4 socios/as según consta en estatutos.
- 2) A directiva será configurada a proposta do Presidente/a electo e presentada ós socios/as no prazo de 15 días despois da súa elección.
- 3) A elección será por votación libre, secreta e directa polos asociados maiores de 18 anos, e en candidatura pechada
- 4) O candidato/a deberá levar máis dun ano como socio/a no momento da elección.
- 5) A proposta de candidatura tense que facer por escrito, asinada polo candidato/a.
- 6) Se a proposta do candidato/a parte de terceiros, esta deberá ir acompañada por un escrito de aceptación da candidatura.
- 7) O candidato/a ten que cumprir os requisitos esixidos para ser socio/a do club, maior de idade e non ser presidente/a ou cargo representativo de ningunha outra entidade, pública o privada.
- 8) A Xunta Electoral constituirase entre os asistentes á Asemblea Xeral Extraordinaria, no número de 3, en principio entre o máis novo, el máis antigo e o maior, ou ben dalgún outra xeito que designe a Asemblea, pero prevalecendo a anterior proposta no caso de dubida.
- 9) En tanto a Xunta Electoral funcione, a Directiva en funcións non poderá tomar ningún tipo de medida sen contar coa previa aprobación de esta, que non sexa o funcionamento diario do club
- 10) Os prazos, de non ser que se especifique o contrario, acaban sempre ás 21'31h horas dos días sinalados
- 11) En calquera dubida, non resolta por este regulamento, será a Xunta Electoral a máxima decisoria podendo so ser recorrida nos tribunais ordinarios.

DO CALENDARIO ELECTORAL

- a) Deberá convocarse Asemblea Xeral Extraordinaria de socios/as, para a aprobación do Regulamento e o Calendario, así como para a elección dunha Xunta Electoral entre os asistentes ou propostas da mesma asemblea.

b) O calendario se comunicará ós socios/as e entrará en vigor tres días despois da Asemblea.

c) A vez se publicará un censo oficial de socios/as votantes, que terá un período de alegacións de 5 días

d) Abrirase un prazo de presentación de candidato/as, non inferior a unha semana nin superior a 15 días

e) A Xunta Electoral deberá autenticar nas 48 h. seguintes a procedencia ou non da proclamación de candidaturas.

f) Ábrese un prazo de 24 a 48 horas de reclamacións

g) Unha vez publicadas as candidaturas ábrese un prazo de 7 a 15 días de presentación dos candidato/as ós socios/as. Para isto farase unha circular extraordinaria que o propio club enviará por correo electrónico, ós socios e socias votantes, con dous folios como máximo de presentación de candidato/as elaborados por se mesmos.

DAS VOTACIONES

h) Dentro das 48 h. seguintes se procederá as eleccións, abrirase unha única Mesa durante un mínimo de 5 horas e un máximo de 12h. Esta Mesa estará presidida e dirixida pola Xunta Electoral

i) Poderase facer votación por correo, para o que haberá que enviar dentro dun sobre pechado a papeleta o nome do candidato/a.

A este sobre lle acompañará fotocopia do documento de identidade acompañada dunha sinatura orixinal do votante noutro papel. No exterior do sobre de correos se fará constar as verbas "ELECCIONS DIRECTIVA".

Estes serán os primeiros en ser introducidos na urna, para evitar un dobre voto.

Só se admitirán os votos que cheguen ó local antes de abrir o tempo de voto en urna

j) Cada candidato/a poderá nomear un interventor para estar presente ó longo da votación.

K) No caso de empate entre candidato/as nas votacións, se pasará no prazo dunha semana, a facer unha segunda volta cos 2 candidatos/as máis votados e seguindo criterio de prioridade a antigüidade no club.

L) A Xunta Electoral fará un acta provisional do resultado que quedará exposta no club, para a que haberá un período de alegacións de 24 h. Pasadas as mesmas se publicará o resultado definitivo, sendo comunicado de inmediato a Federación.

LL) A Xunta Electoral será mediadora no traspaso de poderes, estes se teñen que celebrar nos 7 días seguintes, debendo a Xunta Directiva cesante, certificar os libros de Contabilidade e Actas. Unha vez realizados os traspasos ó cabo destes sete días a Xunta Electoral queda disolta

M) No caso de que no apartado g), só se houbera presentado unha candidatura, a Xunta Electoral deberá proclamar a mesma como elixida, e polo tanto dalos pasos finais.

NON PRESENTACION DE CANDIDATURAS

N) No caso de non presentarse candidatura algunha a Xunta electoral, voltará a convocar un novo prazo de presentación de candidato/as, dando a coñecer ós socios/as a situación e o novo período.

Ñ) Se transcrido o segundo período, seguise sen haber presentación de candidato/as. A Xunta Directiva queda disolta e a Xunta Electoral constitúese xunto con dous membros desinados pola Xunta saínte, en Xunta Xestora que abrirá un último prazo de presentación de candidato/as, á vez que quedará facultada para manter as negociacións e entrevistas necesarias para dar saída á situación.

o) No caso de non ser conquerido este obxectivo, A X.Xestora se converte automaticamente en Xunta Liquidadora, e se procederá a elaborar un Acta de Disolución, así como unha Proposta de liquidación de Bens dacordo ca filosofía dos Estatutos, pasando a convocar nos 15 días seguintes unha Asemblea Xeneral Extraordinaria co único punto de orden de día: Disolución da Sociedade.

p) Ó comezo da Asemblea se reiterará a petición de presentación de candidato/as, se houbera algún candidato/a sería automaticamente deseñado.

q) De non ser así a Xunta Xestora se converte en Liquidadora procedendo á votación da Acta e da proposta de liquidación da sociedade, remitindo o acta de disolución a tódolos organismos competentes e rexistros nos que está dada de alta a entidade, á vez que procede á liquidación dos bens.

PROPOSTA DE CALENDARIO

NOVEMBRO

MARTES 19.- Reunión da Directiva, aprobación calendario e regulamento.

DECEMBRO

VENRES 20.- ASAMBLEA XERAL, EXTRAORDINARIA:

- * Aprobación Regulamento
- * Aprobación Calendario
- * Nomease a Xunta Electoral

LUNS 23 .- Comeza a contar o Calendario

Publicase o censo de votantes

Remítese circular ós socios

Ábrese prazo de Presentación de Candidaturas

XANEIRO

VENRES 10.- Fin prazo presentación de candidaturas

Proclamación de candidaturas

Apertura prazo de reclamación

LUNS 13 - Fin do prazo de Reclamación

Proclamación definitiva de Candidaturas

Apertura prazo de Presentación de candidatos

MERCORES 15.- Información ós socios acerca das candidaturas

Comeza o prazo para o voto por correo

VENRES 24 .-

17h. Apertura da Mesa Electoral, no local Social.

22h. Peche da mesa electoral

22'30h Proclamación Provisional de candidatura vencedora

Apertura prazo de presentación de alegacións.

LUNES 27.- Fin del prazo de alegacións

Proclamación definitiva de resultados

* NO CASO DUNHA ÚNICA CANDIDATURA, O PROCESO QUEDA INTERRUMPIDO O VENRES 10 DE XANEIRO, PROCEDENDO A PROCLAMALA MESMA COMO ELEXIDA.

- A Asemblea X.Extr. coincidirá ca despedida do ano
- O 7 febreiro , realizarase a A.X.Ordinaria e a presentación da directiva